

DATA

1-2-3/10/2013

ACTIVIDADE

XORNADAS TÉCNICAS DE SENDEIRISMO (Participación dos técnicos do Club)

LUGAR

VIGO

NOVAS

**XXI XORNADAS ESTATAIS DE SENDEIRISMO
DA FEDME UN TOTAL DE 16 FEDERACIÓNS
DANSE CITA EN VIGO**

By [FGM](#) | Published [noviembre 6, 2013](#)



O pasado fin de semana os días 31 de outubro, 1, 2 e 3 de novembro tiveron lugar en Vigo as XXI XORNADAS ESTATAIS DE SENDEIRISMO DE LA FEDME organizadas pola Federación Galega de Montañismo e que contaron coa participación de representantes de 14 federacións autonómicas máis dúas estatais a Fe-

deracao Portuguesa de Campismo e Montanhismo e a Federación Española de Deportes de Montaña y Escalada.



O Acto inaugural das Xornadas contou na mesa presidencial co Secretario Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia D. José Ramón Lete Lasa, o Concelleiro de Deportes do Concello de Vigo D. Manel Fernández Pérez, o Presidente da Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada D. Joan Garrigós i Toro e o Presidente da Federación Galega de Montañismo D. Adolfo Puch Domínguez.





Todos eles subliñaron a importancia deste encontro de presidentes, vocales e técnicos das federacións españolas e fixeron referencia o gran interés suscitado polo programa plantexado, tanto no aspecto técnico e de traballo mediante as reunións, talleres e mesa redonda organizados, como nos aspectos máis lúdicos e deportivos con visitas a rutas sendeiristas e lugares de interés cultural que jalonan o entorno máis próximo a cidade olívica, co obxectivo de profundizar no apasionante mundo do senderismo, modalidade deportiva do noso montañismo que e un compendio de deporte, cultura e turismo, e que cada día conta con máis adeptos convertendose nun fenómeno social de primeiro orden.



O programa desenrolouse moi satisfactoriamente en aulas e o salón de actos da Casa do Deporte sede das federacións deportivas en Vigo. Os eixos principais de debate nestas Xornadas foron as Di-

rectrices Xerais cara o próximo cuatrienio e cara o ano 2020, Manual de Sendeiros e enlaces transfronterizos entre Portugal e as Comunidades Españolas de Castela-León, Extremadura, Andalucía e Galicia.

